

Protocolo básico de actuación para o retorno ás competición atléticas oficiais en Galicia



En cumprimento do convenio da resolución do 12 de xuño de 2020 da Consellería de Sanidade, pola que se publicita o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e seguintes, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, a FGA a través da súa Xunta Directiva e Comisión Delegada propoñen á Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia o seguinte protocolo, para voltar á organización de competicións atléticas oficiais en Galicia.



ÍNDICE XERAL

RECOMENDACIÓNS XERAIS	4
1. CONSIDERACIÓNS XERAIS	5
1.1. Obxectivos concretos do documento	6
1.2. Recomendacións básicas	6
1.3. Responsabilidade individual	7
1.4. Recursos materiais	8
1.5. Medidas informativas	8
2. AVALIACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS DE MITIGACIÓN COVID19	9
2.1. COVID-19	9
2.2. Risco	9
2.3. Xestión do risco	9
2.4. Avaliación do risco	9
2.4.1. Niveis de risco	9
2.5. Redución de riscos	10
2.6. Medidas preventivas	11
3. CONTROIS DE SAÚDE	11
3.1. Medidas xerais de control	11
4. DISPOSICIÓNS E MEDIDAS SANITARIAS	11
5. COMUNICACIÓN E CONCIENCIACIÓN	11
6. FASES DA ORGANIZACIÓN	12
FASE I: Pre-Competición	12
FASE II: Competición	14
6.1. Sede e instalacións	14
6.1.1. Disposicións xerais	14
6.1.2. Zonas técnicas	14
6.2. Acreditación	15
6.3. Actos sociais	15
6.4. Persoal e voluntarios	15
6.4.1. Persoal	15
6.4.2. Voluntarios	16
6.5. Espectadores e fluxos de acceso	16
6.6. Medios de comunicación	16
6.7. Xuíces e oficiais técnicos	17
6.8. Atletas	18
6.9. Servizos aos atletas	18
6.9.1. Transporte	18
6.9.2. Aloxamento	18
6.9.3. Instalacións de adestramento	18
6.9.4. Reunións técnicas	18
6.9.5. Inscripcións	19
6.10. Competición	19
6.10.1. Cámara de chamadas	19
6.10.2. Servizos médicos	20
6.10.3. Control antidopaxe	20
6.11. Cerimonias de Premiación	20
6.11.1. Zonas Vip	21
6.11.2. Loxística e montaxes	21
6.11.3. Produción de televisión e/ou streaming	21
FASE III: Post-Competición	22
7. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMPETICIÓNS DE PISTA	22
7.1. Consideracións xerais	22
7.2. Programa e horario de competición	23



7.3. Protocolo de actuación de xuíces FGA	24
7.3.1. Reunión do Xurado	24
7.3.2. Dirección Técnica de competición	24
7.3.3. Cronometraxe e Foto-Finish	25
7.3.4. Saídas	25
7.3.5. Chegadas	25
7.3.6. Probas de concursos	25
7.3.7. Reclamacións	26
7.3.8. Homologación de artefactos	26
7.4. Transporte e entrega de pértegas	26
7.5. Zona de quecemento	27
7.6. Presentación de atletas	27
7.7. Adestradores / Persoal de organización	27
7.7.1. Probas fóra de pista	28
7.8. Protocolo de actuación	28
7.8.1. Aloxamentos do persoal de organización	28
7.9. Acceso á instalación	28
7.9.1. Medidas preventivas	28
7.9.2. Entrada de atletas	29
7.9.3. Entrada de persoal e espectadores	29
7.10. Distribución de espectadores	29
8. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMPETICIÓNS DE RUTA, MARCHA EN RUTA, TRAIL-RUNNING E CAMPO A TRAVÉS	30
8.1. Consideracións xerais	30
8.2. Protocolo de actuación Xuíces FGA	30
8.2.1. Reunións do Xurado	30
8.2.2. Dirección Técnica da competición	30
8.2.3. Cronometraxe e xulgamento	31
8.3. Recollida de dorsais e bolsa do corredor	31
8.3.1. Cita previa	31
8.3.2. Recollida	31
8.3.3. Preparación de espazos e materiais	31
8.4. Recoñecemento de circuitos ou percorridos	32
8.5. Servizo de gardarroupa	32
8.6. Zona de saídas	32
8.7. Avituallamentos	33
8.8. Zona de chegada	33
8.9. Zona de penalización probas de marcha	34
8.10. Zona de intercambio do relevo en ruta/campo a través	34
8.11. Reclamacións	34
8.12. Presentación de atletas	34
8.13. Adestradores/ Persoal organización	35
8.14. Protocolo de actuación	35
8.14.1. Aloxamneto do persol de organización	35
9. ANEXOS	36



RECOMENDACIÓNS XERAIS

O presente documento mostra unha serie de recomendacións para a organización de competicións atléticas de carácter autonómico en Galicia, en calquera das súas disciplinas, conforme á Resolución do 12 de xuño de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se publicita o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade e a Resolución do 25 de xuño de 2020 pola que se publicita o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 25 de xuño de 2020 polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención anteditas. As recomendacións achegadas neste documento non eximen en ningún caso do estrito cumprimento das medidas establecidas polas autoridades.

Coa súa aplicación preténdese minimizar os riscos de contaxio do virus COVID-19. A volta á actividade competitiva, conforme ao calendario de competicións que os órganos de Goberno da Federación Galega de Atletismo aproben, implicará necesariamente que a conduta de todas as persoas involucradas na organización de cada unha das mesmas, incluídos os participantes, non poderá ser igual ás pautas de condutas anteriores á pandemia. Para iso a FGA presenta a “Guía de Actuación e Recomendacións para a Organización de Competicións Atléticas en Galicia COVID-19” dentro dos principios de prudencia, responsabilidade e compromiso cívico que están aliñados coas medidas de obrigado cumprimento establecidas para a volta ás competicións federadas, seguindo as Resolucións da Xunta de Galicia do sábado 13 de xuño e do 25 de xuño.

Desde a FGA considérase a conveniencia e necesidade de que toda a actividade atlética, xa sexa realizada ao aire libre ou en instalacións cubertas, tanto competicións como outros eventos, estean dotados de todas as medidas de seguridade para evitar posibles contaxios e propagación do virus, tanto aos atletas, como outros participantes, organizadores e ás persoas que asistan a presenciais.

Durante este período de excepcionalidade débense cumprir estritamente todas as normas e protocolos publicados polas autoridades sanitarias e os titulares das instalacións deportivas. De igual modo, deberase seguir escrupulosamente o procedemento que se determine desde a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A “Guía de Actuación e Recomendacións para a Organización de Competicións Atléticas en Galicia COVID-19” é un documento que se adaptará en novas versións ás sucesivas ordes ou outras normas, instrucións e recomendacións específicas que poida emitir a Xunta de Galicia e o resto das autoridades competentes para as distintas fases da transición cara a nova normalidade do deporte. As medidas estarán suxeitas ás directrices e novos datos que se vaian achegando por parte da comunidade científica e, polo tanto, suxeitas a cambios e modificacións.

Apélase, por tanto, á responsabilidade individual de cada un dos participantes e persoas involucradas na organización sendo estes os únicos responsables do cumprimento do protocolo, declinando a FGA calquera tipo de responsabilidade derivada dun uso incorrecto das indicacións contidas neste.

Estas pautas serán aplicables para as competicións e eventos incluídos no calendario oficial da FGA. O principal obxectivo da FGA é priorizar a protección da saúde e a seguridade de todos os atletas, adestradores, xuíces, voluntarios e persoal da organización.



Dentro destas pautas poderanse atopar puntos que se poidan aplicar a calquera competición ou evento que teña lugar inmediatamente despois de que se permita a organización dos mesmos por parte das autoridades competentes e seguindo de forma estrita todas as medidas e recomendacións das autoridades sanitarias, e sempre que o organizador e as autoridades locais o consideren apropiado.

As pautas actualizaranse continuamente de acordo coa información máis recente da Organización Mundial da Saúde (OMS), o Ministerio de Sanidade, Consellería de Sanidade e o resto das autoridades competentes.

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

A COVID-19 continúa causando desafíos significativos na sociedade e tamén no deporte.

O período de transición posterior ao brote presúmese longo e requiriráselles aos organizadores de competicións e eventos deportivos que implementen todas as medidas posibles para que se cumpran todas as directrices de distanciamento social, protección e hixiene esixidas.

Recoméndase que o organizador traballe en todo momento en estreita colaboración coas autoridades locais para tomar as decisións máis oportunas, acordes aos niveis de risco e seguridade que ofrece cada competición ou evento deportivo.

O atletismo é un deporte complexo, de alta participación nas súas competicións, por iso, o organizador debe buscar formas creativas de organizar as súas competicións de maneira máis segura para os participantes, os organizadores e os espectadores, atendendo á singularidade e especificidade de todas as nosas disciplinas e especialidades.

A FGA considera que durante a evolución do brote de COVID-19, a protección efectiva da saúde e a seguridade dos atletas debe seguir sendo unha prioridade. Por ese motivo, os organizadores da competición ou o evento deben asegurarse de que todos os atletas e resto de participantes estean cubertos por medidas adecuadas para protexer a súa saúde e que teñan acceso a atención médica inmediata mentres están participando.

Os organizadores deben asegurarse de que calquera atleta ou participante que necesite atención médica inmediata teña acceso a centros sanitarios para que reciba a atención requirida.

A autorización final para poder celebrar unha competición atlética autonómica oficial corresponde á Federación Galega de Atletismo, que se adaptará ao número de participantes e público asistente máximo que en cada momento se estableza a través das disposicións da Xunta de Galicia. Para iso deberanse considerar todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento.



1.1 Obxectivos concretos do documento

Informar e asistir a organizadores, atletas, adestradores e resto de persoas relacionadas coa actividade das medidas recomendadas que, levadas a cabo, permitan a volta á competición, para que adopten as medidas adecuadas que minimicen as posibilidades de infección por COVID-19.

1.2 Recomendacións básicas

- Os atletas, adestradores, xuíces e resto de persoal de organización han de manter as pautas estritas de aseo persoal, conduta e coidado para evitar contaxios.
- A obrigatoriedade do uso de máscara virá determinada pola lexislación vixente en cada momento; de calquera forma, recoméndase o seu uso sempre que sexa posible.
- As persoas diagnosticadas por COVID-19, aínda asintomáticas, que non superasen a enfermidade e que non conten coa alta médica, non poderán iniciar a práctica deportiva.
- Separación física (polo menos 1,5 metros) de atletas, adestradores, xuíces, espectadores e persoal de apoio. Os espectadores deben seguir as regras de distanciamento social que solicitan as autoridades de saúde pública competentes.
- Recoméndase que se provexa a todos os participantes de información sobre os protocolos, medidas de prevención e control e sobre onde atopar máis información.
- Débese prestar atención a aqueles grupos de poboación con máis risco. Por ese motivo, recoméndase a non participación de atletas maiores de 65 anos (M/F65 en diante), revisable atendendo á evolución e modificacións das medidas establecidas. A OMS non recomenda que persoas maiores de 65 anos tomen parte nos eventos considerados como "reunións masivas".
- Para calquera persoa con historiais sanitarios de risco recoméndaselles extremar as medidas preventivas ou incluso non participar.
- Recoméndase que todos os usuarios (atletas, adestradores, xuíces e resto de persoal) realicen unha vixilancia activa dos seus síntomas e leven a cabo un rexistro da temperatura corporal.
- Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estalo, débese evitar calquera actividade, poñéndose en contacto de forma inmediata cos servizos sanitarios e seguir todas as súas indicacións.
- Recoméndase o uso de máscaras, sempre que a actividade deportiva así o permita. Débese retirar só cando sexa imposible levala para a realización da actividade deportiva.
- Antes e despois dos adestramentos e as competicións é moi importante lavar as mans con auga e xabón ou xel hidro-alcohólico. Recoméndase o uso das solucións hidro-alcohólicas en botes de uso individual) (tempo recomendado: 30- 40 segundos), e insistirase no lavado de mans con auga e xabón (tempo recomendado: 40-60 segundos).
- Levar xel hidro-alcohólico e produtos para a limpeza e desinfección do material que se utilice.
- Os atletas han de responsabilizarse individualmente de portar máscara, unha bolsa de desinfección que inclúa toalla, xel hidro-alcohólico, etc.
- Insístese nunha hidratación máis frecuente. Botellas de uso individual e personalizadas.
- Establecerase o uso controlado e limitado dos vestiarios das instalacións, para impedir o uso masificado, atendendo ás recomendacións sanitarias.
- Recoméndase desinfectar o calzado utilizado.
- Débese evitar que as mochilas, bolsas de zapatillas ou bolsas de deporte poidan estar en contacto con superficies non desinfectadas.



- Os atletas non deben compartir material (incluíndo cronómetros, pulsómetros, ou calquera outro tipo de material), salvo que sexa estritamente necesario, en caso de ser así, han de ser desinfectados previamente.
- Os atletas non compartirán bebidas, outros alimentos, linimentos ou outros produtos, incluídos os sanitarios ou de primeiros auxilios. Han de utilizar botellas de uso individual.
- Hanse respectar en todo momento os horarios e espazos de quecemento e/ou competición asignados para cada atleta.
- Durante a actividade manteranse en todo momento as distancias de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias.
- Dentro do posible priorizarase o adestramento e as fases de quecemento pre-competición ao aire libre e en espazos abertos e mantendo unha distancia mínima de separación de 1,5 m.
- Débese evitar o uso do transporte público para trasladarse ás competicións e adestramentos; priorizarase o uso do vehículo particular (coche, moto, bicicleta, etc.) sempre que sexa posible.
- Se é necesario utilizar o transporte público, débense extremar as medidas de protección, hixiene, uso de máscara e distancia social e débense cumprir estritamente as normas e protocolos establecidos polas autoridades sanitarias.
- Débense respectar e cumprir todas as medidas de seguridade indicadas polo Ministerio de Sanidade, Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral para o Deporte e as propias do propietario da instalación.

1.3 Responsabilidade individual

- A FGA remítese ás recomendacións da OMS (Anexo 3. Niveis de risco, segundo recomendacións OMS) e do Ministerio de Sanidade, Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral para o Deporte de acordo coas medidas para reducir o risco xeral de transmisión de infeccións respiratorias agudas que se enumeran a continuación:
- Os participantes deben tratar de manter polo menos 1,5 metros de distancia con outras persoas, particularmente aqueles que se senten mal e teñen tose ou esbirros ou poden ter febre.
- Lavado frecuente de mans por parte dos participantes con xabón e auga quente durante 40-60 segundos ou con base de alcohol (en polo menos 65-70%) frotar as mans durante 30-40 segundos.
- As persoas con síntomas de infección respiratoria aguda deben practicar a etiqueta da tose (manter unha distancia de polo menos dous metros, cubrir a tose e os esbirros con panos desbotables ou ropa e lavar as mans).
- Evitar dar a man ou abrazarse.
- Evitar o uso de salas de vapor ou sauna.
- Evitar tocar a boca, o nariz ou os ollos.
- Calquera persoa que se sinta mal (é dicir, febre, tose, etc...) debe quedar na casa e manterse afastado do traballo, a escola ou as multitudes ata que se resolvan os síntomas. Mantéñase afastado da competición e dos adestramentos cando estea enfermo!
- En caso de síntomas suxestivos de enfermidade respiratoria aguda antes, durante ou despois da viaxe, recoméndaselles aos atletas que soliciten atención médica.



1.4 Recursos materiais

A organización debe levar a cabo os procedementos necesarios para aprovisionarse dos recursos materiais que sexan necesarios, de acordo co resultado da avaliación de riscos e o plan de continxencia deseñado, e tendo en conta en todo caso as recomendacións das autoridades sanitarias (máscaras).

A organización debe considerar as restricións que puidesen existir para o aprovisionamento de recursos materiais e as limitacións de servizos que se puidesen derivar das ditas restricións, valorando no seu caso outras posibilidades distintas ás inicialmente propostas.

A FGA recomenda encarecidamente que os voluntarios, persoal da organización, xuíces e resto de persoas acreditadas que estean en contacto cos atletas utilicen máscaras de protección.

A organización é responsable de proporcionar máscaras e guantes desbotables, así como material desinfectante e xel hidroalcohólico para o persoal, xuíces e voluntarios xunto cunha cantidade de continxencia para necesidades médicas.

Todos os demais participantes e persoas acreditadas deben traer o seu propio equipo.

1.5 Medidas informativas

A organización debe elaborar unha Guía de Actuación e Protección para cada competición.

Así mesmo, a organización debe informar a todas as persoas involucradas das medidas de prevención establecidas para cada competición.

Débense contemplar as seguintes medidas informativas:

- Información in situ. Colocar cartelería con medidas preventivas implantadas e pautas a seguir por cada grupo de usuarios.
- Utilizar a megafonía e as pantallas para informar sobre todas as medidas sanitarias e de protección que se deben seguir.
- Facilitarlles información aos participantes sobre os centros de asistencia sanitaria na zona, con horarios e teléfonos de atención de emerxencia.
- Información a través de todas as plataformas (Web, RRSS, medios asociados)

A organización debe instar a todas as persoas do equipo de organización a colaborar no cumprimento das medidas que se desprendan do Plan de Actuación e debe proporcionar a información necesaria relativa ás medidas preventivas e hixiénicas e para o uso adecuado do material de protección.

En canto aos provedores de servizos externos, debe informarse aos mesmos sobre as medidas en materia de prevención aplicables que se teñan establecido.



2. AVALIACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS DE MITIGACIÓN

2.1 COVID-19

A COVID-19 é unha enfermidade producida polo SARS-CoV-2. Os síntomas máis comúns que provoca a dita enfermidade son: febre, tose e sensación de falta de aire. Outros síntomas poden incluír: cansazo, dores, goteo do nariz, dor de garganta, dor de cabeza, diarrea, vómitos.

Algunhas persoas perden o sentido do olfato e/ou do gusto.

2.2 Risco

Posibilidade de que unha persoa se contaxie co coronavirus SARS-CoV-2. Débese ter presente que o risco de contaxio é unha realidade latente.

2.3 Xestión do risco

Os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio, e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que iso non se produza. Actividades coordinadas para dirixir e controlar a organización en relación co risco. (UNE-ISO 31000:2018).

2.4 Avaliación do risco

Segundo o establecido pola OMS, un evento considérase unha "Reunión masiva" se a cantidade de persoas que reúne é tan grande que ten o potencial de forzar os recursos de planificación e resposta do Sistema de Saúde na comunidade onde se leva a cabo.

A FGA recomenda encarecidamente que cada organizador avalíe o seu evento utilizando a avaliación de riscos nun evento masivo da OMS e a Lista de verificación de mitigación para as reunións masivas no contexto de COVID-19 (obrigatorio para todos os eventos organizados pola FGA). Esta é unha ferramenta operativa que ofrece orientación para os organizadores que celebren competicións ou eventos durante o brote de COVID-19.

A FGA recoméndalles aos organizadores que non realicen a avaliación de riscos sós, senón que se realice en cooperación coas entidades deportivas e autoridades competentes, especialmente coas locais de saúde pública para valorar se a celebración do evento tería impacto directo no sistema sanitario da comunidade/provincia/localidade.

2.4.1 Niveis de risco

A toma de decisións sobre niveis aceptables de risco debe determinarse principalmente por consideracións sobre a saúde das persoas. Tamén se poderían considerar outros factores (por exemplo, custos económicos, beneficios, factibilidade técnica e preferencias sociais), particularmente ao determinar a xestión de riscos das medidas de mitigación a emprender.

- Risco moi baixo: Pouca ou ningunha consecuencia no desenvolvemento da competición.



- Risco baixo: Recoméndase verificar se se poden fortalecer as medidas de mitigación.
- Risco moderado: Recoméndase realizar esforzos significativos para mellorar as medidas de mitigación ou reducir o risco de transmisión.
- Risco alto: Recoméndase realizar esforzos significativos para mellorar as medidas de mitigación e reducir o risco de transmisión. Débese considerar pospoñer ou cancelar o evento en base ao nivel de risco latente.
- Risco moi alto. Provocaría a cancelación definitiva da competición.

A FGA recomenda que se realice a competición ou o evento só se se pode obter a categoría de risco moi baixo ou baixo.

A autorización final para poder celebrar unha competición corresponde ás autoridades competentes en cada territorio, así como establecer o número de participantes máximo en cada competición. Para iso deberanse considerar todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento.

As autoridades deben recoñecer que o risco de casos importados de COVID-19 está naturalmente relacionado coas viaxes internacionais. Tamén deben recoñecer que non é realista nin desexable aspirar a un risco cero.

Cando os organizadores e as autoridades sanitarias determinan se se debe realizar unha competición que non estea incluída na definición de "Reunión masiva", deben determinar que é un risco aceptable e que medidas adicionais se deben implementar para mitigar ese risco. (Anexo 3. Niveis de Risco)

A FGA recoméndalles a todos os organizadores que se familiaricen coa orientación técnica e as ferramentas de recolección masiva da OMS.

*Todos os documentos mencionados estarán dispoñibles na web oficial da FGA.

2.5 Redución de riscos

- Reducir o número de persoas expostas, limitando a participación ou presenza de público, conforme aos ratios establecidos pola autoridade competente.
- Tomar as medidas de prevención adecuadas.
- Establecer as medidas de hixiene que eviten ou dificulten a dispersión do virus.
- Identificar posibles persoas portadoras para tomar as medidas pertinentes.
- Establecer plans de actuación ante posibles incidencias. (Guía de actuación e protección).
- Sinalizar posibles zonas de alto risco onde o tempo de permanencia sexa o indispensable.

2.6 Medidas preventivas

- Recoméndase elaborar unha base de datos de identificación de riscos e medidas a tomar ao longo de todo o proceso dunha competición de atletismo. (Guía de actuación e protección).
- No dito documento identifícanse os riscos e as posibles solucións para adoptar medidas preventivas e así poder mitigar os posibles efectos.
- As medidas adoptaranse en base ás áreas detalladas posteriormente neste documento.
- Débese designar un responsable da organización que asegure que as medidas preventivas se implementan durante a competición.



3. CONTROIS DE SAÚDE

3.1 Medidas xerais de control

- Os atletas que participen nunha competición de atletismo deben controlar o seu estado de saúde de maneira continua (incluíndo tomar a súa temperatura e controlar calquera outro síntoma) desde 14 días antes e durante a competición.
- Recoméndase que o persoal médico do club, ou particularmente de cada atleta que vaia participar nunha competición, controle diariamente o estado de saúde dos seus atletas.
- Recoméndase espaciar o número de participacións en competicións por parte do atletas entre 7 e 14 días.
- Recoméndase a realización de controis de saúde previos á viaxe e previos á competición para todos os atletas inscritos e o persoal da organización a fin de garantir a identificación daquelas persoas con posibles riscos adicionais.
- O requisito ou non do certificado/informe médico previo á participación ou viaxe dun atleta está vinculado ás normas que as autoridades autonómicas ou organizador puidesen esixir sobre o seu estado de saúde.
- Recoméndase a realización de cuestionarios de control para todos os participantes e persoal involucrado na competición. (Ver Anexo 2. Cuestionario de saúde)

4. DISPOSICIÓNS E MEDIDAS SANITARIAS

- Os desinfectantes e panos de mans a base de alcohol e xabón ou auga deben ser accesibles en todas as áreas comúns e especialmente nas áreas de tratamento médico.

No caso que un organizador localice unha persoa que enferme ou se sospeite que está enferma durante a competición ou o evento:

- Con anterioridade á celebración da competición, dispórase unha sala ou zona de illamento para a súa valoración e atención polo responsable médico.
- Para iso recoméndase que o organizador xunto coas autoridades sanitarias, determinen con antelación suficiente á celebración da competición o lugar máis adecuado para atender e illar unha persoa diagnosticada con posibles síntomas de COVID-19.
- A área de illamento debe estar equipada cos subministros necesarios para facilitar as medidas de protección e de hixiene requirida.
- O persoal médico que atende as persoas sospeitosas debe estar equipado con EPI's. Posteriormente, se procederá á limpeza e desinfección da zona e o material reutilizable despois de cada uso.
- Débese determinar como se lles notificará a todas as autoridades competentes e partes implicadas no caso de que unha persoa presente síntomas compatibles coa COVID-19.
- Débese predeterminar os contactos de emerxencias sanitarias coas autoridades locais.

5. COMUNICACIÓN E CONCIENCIACIÓN

- É importante que se comunique previamente a todo o persoal da organización, participantes e espectadores todas as disposicións vixentes a través das redes sociais, sitios web e as canles de comunicación da organización.



- Comunicarase a través dos regulamentos propios de competición, e nas circulares propias da FGA as medidas propostas a aplicar no caso do incumprimento das normas establecidas.
- Mostrar avisos e advertencias sanitarias na sede de competición, informando e recomendando que se extremen as medidas de hixiene persoal, incluíndo consellos sobre o lavado de mans e minimizando o contacto físico.
- Utilizar as pantallas e a megafonía para a difusión das medidas de obrigado cumprimento e recomendacións.
- Os organizadores deben desenvolver unha estratexia de comunicación de riscos para COVID-19 antes da competición.
- Os organizadores deben designar a a/s persoa/s designada/s para dirixir as actividades dos medios de comunicación e para que se encarguen de administrar todas as comunicacións.
- Designación por parte da Comisión COVID-19 FGA de responsable da proba, ademais do nomeamento por parte do CGX do Director COVID-19.

6. FASES DA ORGANIZACIÓN

A autorización final para poder celebrar unha competición correspóndelles ás autoridades competentes en cada territorio, así como establecer o número de participantes máximo en cada competición. Para iso deberanse considerar todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento.

A realización das diferentes competicións do calendario da FGA dependerá da autorización da Comisión COVID-19, o CGX e a Dirección Técnica da FGA.

Composición dos membros da comisión COVID-19 FGA:

- **Presidente:** Eladio Gómez Rosales
- **Secretario:** Carlos Castro Vicente
- **Vocais:** Eloy Bretal Cancelas
Ángel Fidalgo Vázquez
Guillermo Sandino Leira
Jesús Vázquez Tallón

A apertura de competicións do calendario FGA realizarase mediante a primeira das probas organizada pola propia FGA, co fin de comprobar e verificar a operatividade de todas as medidas aplicadas na práctica competitiva.

FASE I: PRE-COMPETICIÓN

- Facilitar e promocionar o teletraballo para calquera dos ámbitos que rodean a organización dunha competición.
- En caso de existir páxina web oficial debe mostrar información acerca do protocolo preventivo COVID-19 en competición e pautas a seguir antes, durante e despois da competición.
- A páxina web oficial tamén debe mostrar información directa ou derivada dos síntomas COVID-19:
 - Tose seca
 - Febre
 - Cefalea
 - Gastroenterite
 - Disxeusia



- Anosmia
- Astenia

- Desde a páxina web oficial da competición, a través da ligazón da autoridade competente sanitaria da Xunta de Galicia <https://coronavirus.sergas.gal/> indicará a información sobre as medidas de control.
- Consentimento informado que deberá ser lido e asinado por cada competidor (Anexo 1)
- A responsabilidade de cada participante no evento, sendo consciente cada participante das condicións de saúde requiridas no protocolo publicado pola FGA.
- Coñecemento e compromiso de cumprimento do protocolo en competición publicado pola FGA.
- Compromiso de non acudir a competir no caso de sufrir síntomas compatibles con COVID-19, extensivo, igualmente, a aqueles casos en que os síntomas fosen sufridos por terceiros cos que a persoa participante estivese en contacto.
- Asunción de posibles riscos de contaxio, exonerando á FGA dos posibles danos dese contaxio.
- O competidor poderá ser entrevistado en calquera momento polos servizos médicos da competición co fin de realizar un cuestionario de saúde COVID19.

Sede de competición

- Limpeza e desinfección da área: carpas, zonas cubertas en temporada de aire libre, ou zonas cubertas en competicións de cross, ruta, marcha, trail- running (carpas de cámara de chamadas, tendas de Servizos Médicos, xuíces).

Requisitos para atletas participantes:

- Declararán que nos últimos 15 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansazo, tose seca e/ou dificultade para respirar. Non estar en contacto con persoa ningunha que dese positivo en COVID19.
- Presentación do consentimento informado asinado.
- Levar máscaras de protección persoais.
- Recoméndase bolsa con panos desbotables e xel hidro-alcohólico.
- Recoméndase embolsar en casa a roupa de competición con 72 horas de antelación.
- Recoméndase levar bolsa con calzado para cambio.

Información para o público que ten previsto asistir ao evento:

- Uso de máscaras de protección persoais.
- Cubrir a boca e nariz co cúbado antes de tusir ou esberrar. Nunca ao chan. Ou utilizar panos de papel desbotables.
- Evitarase no posible calquera outro tipo de contacto (choques de mans, saúdos, abrazos).
- Manteranse os parámetros de distancia social vixentes (mínimo 1,5 metros de distancia).
- Presentación e rolda de prensa previas ao evento:
 - Sempre que se poida realizar, cumprindo medidas de hixiene e distanciamento social vixentes.
 - Máscaras.
 - Limpeza e desinfección previa do recinto.



FASE II: COMPETICIÓN

6.1. SEDES E INSTALACIÓNS

6.1.1. Disposicións xerais

- Todos os espazos de traballo e as instalacións previstas deben organizarse de maneira que se respecte o distanciamento social.
- Na entrada de cada sala/espazo deben estar dispoñibles desinfectantes para mans a base de xel hidro-alcohólico.
- En todas as zonas acreditadas clave (área de atletas, VIP, medios, espazos de traballo), débense proporcionar instalacións para o aseo e limpeza de mans.
- Limpeza continua en cámara de chamadas, zona de recollida de dorsais, carpas de médicos, xuíces ..., zona de avituallamento, saída e carpas de meta. Cestas desinfectadas continuamente.
- Proporcionarase material de desinfección e aconsellarase ao persoal de limpeza da sede ou instalación que desinfecte as manillas das portas, do inodoro, das billas do baño, etc. en todas as áreas varias veces ao día.
- As portas das salas ou lugares de reunión deben permanecer abertas se é posible e, se non, deben ser manexadas por voluntarios para minimizar o número de persoas que as toquen.
- As zonas de quecemento serán o máis amplas posibles, e distribuídas por zonas e especialidades.
- As salas e carpas de traballo deberanse hixienizar e desinfectar adecuadamente tras cada xornada. Tamén se recomenda a ventilación de espazos pechados, impedindo o acceso de persoas mentres non haxa actividade.
- Disporanse dispensadores de xeles e solucións hidro-alcohólicas.
- Débense proporcionar contedores pechados con apertura de pedal para a eliminación segura de materiais hixiénicos (por exemplo, panos de papel, toallas, produtos sanitarios) en todas as salas.
- Realizaranse marcas no chan que facilite o mantemento das distancias de seguridade.
- Estableceranse dúas zonas:
 - Zona verde/limpa: defínese esta zona como a área onde só ten acceso persoal equipado con EPI's e cumprindo todas as medidas hixiénicas e de des-infección establecidas.
 - Zona vermella: é unha área onde se permite o acceso a persoas sen equipo EPI's, pero cumprindo todas as medidas hixiénicas e de desinfección establecidas.

6.1.2. Zonas técnicas

- Locutor, Cronometraxe, Xestión de Resultados, Xestión de Marcadores.
- Todas as montaxes e desmontaxes das zonas técnicas da competición rexiranse polas mesmas directrices en canto a medidas de hixiene e seguridade.
- Obrigatoriedade de uso de máscaras en todas as zonas.
- Disposición de xeles e solucións hidro-alcohólicas.
- Limpeza e desinfección regular de todas as áreas e zonas técnicas.
- Separación mínima 1,5 metros entre cada posición de traballo.
- Deben ser zonas amplas, a ser posible abertas e de fácil acceso.
- Na medida do posible, a comunicación debe ser telemática ou por teléfono.
- Equipos técnicos individuais (ordenadores, mesas, micrófonos, auriculares...), en caso de non ser posible, serán desinfectados tras o seu uso.



6.2. ACREDITACIÓN

- Recoméndase restrinxir o número de persoas dentro dunha área acreditada. As persoas con acceso deben limitarse ao mínimo absoluto e débese considerar o distanciamento social en relación co espazo disposto para a recollida de acreditacións e dorsais.
- Establecer un proceso de recollida por cita previa para non exceder dos límites de persoas por espazos.
- A organización deberá realizar marcas visibles no chan para que axuden a respectar as distancias de seguridade ás persoas que están esperando.
- No caso de que as persoas acreditadas non sigan os procedementos de prevención establecidos en torno ao COVID-19, poderáselles retirar a súa acreditación e pediráselles que abandonen o lugar.
- Calquera participante que non cumpra cos procedementos de prevención establecidos en torno ao COVID-19 non poderá participar na competición e pediráselle que abandone o lugar.

6.3. ACTOS SOCIAIS

Recoméndase reducir no posible, ou non realizar presentacións multitudinarias ou cerimoniais para minimizar as oportunidades de reunión masiva en espazos pequenos.

Para calquera outra actividade con grupos máis pequenos (presentación do evento a medios de comunicación ou con autoridades), débese avaliar o risco de contaxio, e en base ao resultado da dita valoración tomar a decisión de se celebrar ou non esa actividade.

6.4. PERSOAL E VOLUNTARIOS

6.4.1. Persoal

- As reunións colectivas do equipo de organización e os seus voluntarios deben reducirse ao mínimo ou facerse de forma telemática.
- Todas as sesións de formación ou capacitación deben realizarse a través de plataformas online sempre que sexa posible. En caso contrario, respectarase o distanciamento social exixido.
- As condicións de traballo deben seguir as recomendacións vixentes das autoridades sanitarias.
- Todo o persoal implicado no evento seguirá os criterios estipulados polas autoridades competentes.
- O persoal de montaxe seguirá os criterios estipulados para o persoal de organización os días do evento. Planificaranse as tarefas para non crear aglomeracións inadecuadas nas zonas de traballo.
- Así mesmo, realizaran o seu traballo seguindo as recomendacións da autoridade laboral en Prevención de Riscos Laborais.
- Informar dos riscos de contaxio por COVID-19, para que sexan de aplicación:
 - Atletas
 - Adestradores
 - Xuíces e Oficiais Técnicos
 - Persoal de organización
 - Voluntarios



- Informar das medidas de prevención a adoptar para evitar o contaxio e transmisión do COVID-19.
- Informar da utilización de máscaras.
- Informar das medidas a adoptar en caso de posible accidente por contaxio.

6.4.2 Voluntarios

- Todos os voluntarios deben usar máscaras.
- O número de voluntarios debe revisarse e reducirse ao mínimo necesario.
- O persoal e os voluntarios non deben ter contacto físico na entrega de material, deixarán as bolsas ou os sobres sobre o mostrador ou mesa de recollida.
- As persoas que conformen os equipos de voluntarios deberán ter entre 16 e 65 anos.
- A organización asignará unha función a cada voluntario, evitando en todo momento a rotación de funcións.
- Habilitarase unha zona de voluntarios, onde se establecerán as mesmas medidas de seguridade, hixiene e alimentación que ao resto de persoal.
- Débese informar mediante megafonía e por pantalla a todos e, principalmente, ao público durante o evento.

6.5. ESPECTADORES E FLUXOS DE ACCESO

- Como norma xeral recoméndaselles aos espectadores, en espazos abertos, que manteñan a distancia social recomendada mínima de 1,5 metros. Estando limitado o seu número máximo a 1.000 persoas ou no que no futuro poda ampliar a Xunta de Galicia sendo obrigatorio o uso de mascarilla para todo o público asistente.
- Débese traballar no deseño dun evento que poida ser visto desde varios puntos para asegurar que os espectadores se distribúan de forma adecuada.
- Restríxense os movementos de espectadores durante a celebración do evento.
- No caso de estadios con gradas ou que se instalen gradas móbiles, débese realizar un plan de distribución de asentos en base ás recomendacións das autoridades sanitarias.
- Débese intentar que todos os movementos dos espectadores sexan nun único sentido.
- O distanciamento social debe ser respectado en todas as áreas onde se encontran os espectadores. Neste sentido, recoméndaselle ao organizador deseñar e exhibir planos ou infografías en zonas visibles da sede, onde se poida dar información sobre os fluxos de espectadores e situar diferentes zonas de espectadores onde se poida ver o evento e que faciliten o distanciamento.
- Todos os fluxos dentro da sede ou a instalación deben ser unidireccionais. Aconséllaselles aos espectadores que non se deteñan en seccións estreitas dos corredores ou dos percorridos de circulación.
- Nas gradas ou en tribunas para competicións no exterior, débese considerar unha distancia de 1,5 m entre os asentos. En calquera caso, recoméndase deseñar un Plan de Ocupación en relación coas medidas establecidas polas autoridades competentes en cada momento.

6.6. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- O número de representantes dos medios de comunicación acreditados debe ser limitado, tendo en conta o distanciamento social e o espazo dispoñible.



- O número de medios a acreditar virá determinado en función dos espazos dispoñibles e a posibilidade de manter a distancia social recomendada.
- Non se entregará ningunha acreditación de prensa sen solicitude previa nos prazos establecidos.
- O Centro de Prensa debe estar preparado con polo menos 1,5m entre cada asento e cada fila de asentos.
- Recoméndase encarecidamente o uso de máscaras ao interactuar con persoas.
- Na zona para fotógrafos, débese manter unha distancia de 1,5m entre os fotógrafos e todas as posicións dispoñibles deben marcarse previamente.
- Esta zona estará situada a unha distancia mínima de 20 m da zona de chegada, determinarase un responsable da organización para o control dos movementos dos medios acreditados durante a celebración da competición.
- Na Zona Mixta, os representantes dos medios deben manter unha distancia de 1,5 m cos atletas en todo momento. É moi recomendable colocar marcas no chan que lles sirvan de orientación aos profesionais.
- Os representantes dos medios de comunicación deben pasar polo mesmo proceso de avaliación de saúde que o resto dos grupos acreditados.

6.7. XUÍCES E OFICIAIS TÉCNICOS

- A FGA revisará e, se é posible, optimizará o tamaño do equipo de xuíces e oficiais técnicos e a cantidade de persoal que viaxa a cada competición.
- As reservas de aloxamento deben considerar a distancia social e a FGA é partidaria de organizar aloxamentos cunha ocupación individual cando sexa posible.
- O uso de máscara será obrigatorio.
- Distancia de, polo menos, 1,5 m entre xuíces antes, durante e despois da proba na medida do posible.

Os criterios dos nomeamentos realizaranse en base a:

- Non se permitirá a participación de xuíces maiores de 65 anos, adaptable en función das recomendacións sanitarias.
- Recoméndase encarecidamente que os xuíces pertencentes a grupos de risco non tomen parte das competicións. En cuxo caso farano baixo a súa responsabilidade persoal.
- Seguiranse as directrices das autoridades competentes e as normas vixentes en cada momento para o aloxamento deste colectivo.
- Todas as comunicacións previas entre membros do xurado realizaranse de forma telemática.
- Redución de xuíces en pista/circuíto mediante implementación de medios tecnolóxicos.
- Evitarase na medida do posible, realizar reunións de membros do xurado na zona de competición.
- Os xuíces non rotarán os seus postos no xurado oficial en ningún momento, agás aprobación e rexistro do dito cambio por parte do director de reunión.



6.8. ATLETAS

- Os/as atletas deben levar máscaras persoais.
- É obrigatorio o uso de máscaras ata chegar da zona de quecemento, e ao saír da pista de competición para corredores, en concursos tamén é recomendable o uso de máscara entre cada intento.
- En zona de quecemento, cámara de chamadas e desenvolvemento da competición, deberanse extremar as medidas de distanciamento.
- Recoméndase bolsa con panos desbotables e xel hidro-alcohólico.
- Recoméndase seguir todas as normas de hixiene: Cubrir a boca e nariz co cóbado antes de tusir ou esbirrar. Nunca ao chan. Ou utilizar panos de papel desbotables.
- Insístese nunha hidratación máis frecuente. Botellas de uso individual.
- Evitarase no posible calquera outro tipo de contacto (choques de mans, saúdos, abrazos)
- Manteranse os parámetros de distancia social vixentes (mínimo 1,5 metros de distancia).

6.9. SERVIZOS AOS ATLETAS

O organizador debe buscar formas alternativas para levar a cabo as sesións informativas das competicións ou carreiras, a entrega de dorsais, chips e o resto de material, a fin de reducir a interacción social previa á competición.

6.9.1 Transporte

Cumprir estritamente todas as medidas adoptadas polas autoridades competentes sobre o transporte público e privado.

6.9.2 Aloxamento

Cumprir estritamente todas as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias competentes.

6.9.3 Instalacións de adestramento

Recoméndase seguir as directrices da “Guía de Actuacións e Recomendacións da FGA” para un entrenamento responsable.

6.9.4 Reunións técnicas

- Na medida do posible, non organizar reunións técnicas previas á competición, ou facelo de maneira telemática.
- Nos días previos ao evento, o organizador, en caso de programar, presentará a reunión técnica por videoconferencia.
- Débeselles proporcionar aos atletas toda a información da competición vía online.
- Especificamente, para os Campionatos de Galicia:
- A Dirección Técnica debe estar dispoñible para calquera aclaración técnica ou operativa.



- Os datos de contacto da Dirección Técnica anunciaranse a todos os atletas a través da páxina web da competición.

6.9.5 Inscripcións

- Todas as inscricións débense facer de forma telemática seguindo as directrices regulamentarias.
- Informar aos deportistas das posibles medidas a tomar sobre toma de temperatura, probas de diagnóstico e posible comunicación de datos persoais ás autoridades competentes se se detectasen infectados.
- Informar aos deportistas de máis de 65 anos da maior probabilidade de consecuencias graves en caso de contaxio, recomendando a súa non participación ou a súa maior toma de medidas preventivas.

6.10. COMPETICIÓN

6.10.1 Cámara de chamadas

- Todos os procesos deben simplificarse e manterse ao mínimo co obxectivo de que os atletas pasen o menor tempo posible no lugar.
- Recoméndase encarecidamente aos voluntarios, xuíces e oficiais técnicos que usen máscaras e a frecuente hixiene de mans.
- Débese respectar unha distancia de 1,5 m entre os atletas dentro da cámara de chamadas e na área de espera previo á cámara (se existise). Recoméndase que os organizadores poñan marcas no chan para definir os espazos e distancias.
- O número máximo de atletas (que se manteñen a unha distancia de 1,5 metros) debe predeterminarse / comunicarse na sala (en función do seu tamaño).
- Todos os controis de uniformidade e equipamento deben realizarse de forma visual mantendo unha distancia de polo menos 1,5 metros.
- A cámara de chamadas deseñárase de maneira que só haxa un fluxo de circulación e nunha soa dirección. Deberase sinalizar de forma adecuada a entrada e saída.
- Débese situar nun espazo amplo e aberto e con moi boa ventilación (na medida do posible ao aire libre).
- Programaranse e axustaranse os horarios de cámara de chamadas para evitar aglomeracións.
- Nas zonas de espera ou cambio, colocaranse cadeiras a unha distancia de 1,5 metros entre cada unha delas.
- A identificación de atletas realizarase mediante a presentación do documento acreditativo, sen que haxa contacto físico mantendo unha distancia de 1,5 metros entre atletas e xuíces.
- Deben realizarse desinfeccións da área programada frecuentemente
- A publicación das listas de saída realizarase mediante dispositivos electrónicos (evitar en todo momento o uso e intercambio de papel).
- Na cámara de chamadas haberá dispensadores hidro-alcohólicos para a hixiene de mans.
- Fomentarase que os atletas accedan á cámara de chamadas só coa roupa de competición, evitando a necesidade de recollida e traslado de roupa nas saídas.
- Tamén se disporá de material para a desinfección e hixiene de materiais (mochilas, artefactos, metros, sinais de talonamento, etc.)
- Para as probas de concurso e probas combinadas permitirase unha soa bolsa personalizada.



6.10.2 Servizos médicos

- As zonas de atención médica deben cumprir todas as normativas vixentes.
- Debe estar situada cerca da zona de competición.
- Débese extremar, aínda máis, a limpeza e desinfección continua.
- Zona de desinfección con solucións hidro-alcohólicas ou lavado de mans con xabón e dispensadores de papel con papeleira de pedal.
- É obrigatorio o uso de bata ou EPIs por parte do persoal médico.
- Uso de máscara apropiada, con protocolo adecuado de posta e retirada.
- Débese considerar o posible uso de pantallas, gorros, polainas desbotables.
- As padiolas deben estar recubertas con papel desbotable, que se reemprazará en cada uso.

6.10.3 Control antidopaxe

- O organizador deberá cumprir todas as indicacións e protocolos establecidos pola AEPSAD para a recollida de mostrás.
- Será obrigatorio que todas as persoas que accedan a esta zona o fagan con máscara.
- Disporase dun maior número de aseos por xénero para a recollida de mostrás.
- Evitaranse aglomeracións dentro da zona de Antidopaxe, polo que se deberá coordinar cos Servizos Médicos e equipo de asistente.
- A zona de recollida de mostrás debe ser ampla, estar ventilada e apartada dos fluxos de circulación máis utilizados.
- Na zona de espera colocaranse cadeiras individuais separadas cunha distancia mínima de 1,5 metros, procurando en todo momento que haxa o menor número de persoas que sexa posible.
- Os postos de recollida de información terán unha separación mínima de 1,5 metros. Recoméndase instalar mamparas de separación entre os mesmos.
- Disporanse dispensadores de solucións hidro-alcohólicas e toallas desbotables.

6.11. CERIMONIAS DE PREMIACIÓN

Na medida do posible, débense evitar as cerimonias de premiación. Se se considera necesaria, solicítase considerar as seguintes recomendacións:

- O podio debe proporcionar unha distancia de 1,5 m entre os medallistas.
- Os atletas subirán ao podio e recollerán eles mesmos a súa medalla da bandexa.
- Non se recomenda a entrega de flores e outros obsequios.
- aconséllase aos atletas e autoridades que utilicen máscaras durante a premiación.
- Só se permitirá un VIP no escenario para cada cerimonia e pediráselle que non teña contacto físico cos atletas.
- Marcaranse no chan as zonas de espera, cunha distancia de 1,5 metros.
- Só un voluntario participa nas cerimonias que preparará os trofeos en bandexas separadas para cada atleta.
- O voluntario deberá utilizar máscara.
- O voluntario debe desinfectar as bandexas despois de cada entrega.
- Disporanse dispensadores de solucións hidro-alcohólicas e toallas desbotables.
- Deben evitarse os saúdos de mans ou os abrazos entre os atletas en todo momento.
- A Autoridade e os atletas poden quitar a máscara durante a foto ao final das cerimonias, sempre que se manteña a distancia mínima esixida e non exista ningún contacto físico.



6.11.1. ZONAS VIP

- Recoméndase que mentres se establezan medidas extraordinarias de prevención do COVID-19 por parte das autoridades competentes, considerar a posibilidade de non establecer estas zonas.
- En calquera caso, se se decide ter unha Zona VIP, deberán establecerse todas as medidas segundo a normativa vixente nese momento, incluíndo no referente a manipulación, distribución e servizo de alimentos e bebidas.
- Todo o persoal de servizo deberá cumprir a normativa vixente de usos de EPI's e sistemas de protección.
- Será obrigatorio que se acceda a esta zona con máscara, así como manter unha distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
- É recomendable que se instalen en espazos abertos, ou moi ventilados.
- Debe haber un so fluxo de entrada e saída á zona.
- A organización será a responsable do cumprimento de todas as medidas nesta área.
- Recoméndase colocar soportes informativos sobre as medidas a cumprir nesta zona.

6.11.2. LOXÍSTICA E MONTAXES

- A organización é a responsable de que se cumpran todas as medidas tanto no ámbito sanitario como o laboral de todas as persoas que conforman o equipo de organización.
- O organizador desenvolverá un plan de montaxe e desmontaxe, establecendo horarios escalados e priorizando en todo momento que haxa o menor número posible de persoas na instalación.
- Deberase desinfectar todo o material ao inicio e finalización de cada xornada de traballo.
- Da mesma maneira, cada dúas horas, procurárase hixienizar os espazos e materiais utilizados mediante o uso de dispensadores de presión con solucións hidroalcohólicas ou deterxentes.
- Se se prove comida ou bebida, esta debe servirse en envases individualizados e pechados.

6.11.3. PRODUCCIÓN DE TELEVISIÓN E/OU STREAMING

- A organización coordinará o plan de montaxe coa empresa produtora do sinal.
- Todas as reunións de coordinación faranse de forma telemática.
- Reducirase ao mínimo o persoal necesario.
- A zona de comentaristas (se se aplicase) debe de cumprir todas as medidas de hixiene e seguridade establecidas para as zonas técnicas.
- Obrigatorio o uso de máscara para todo o persoal involucrado na produción do sinal.
- Deberase desinfectar todo o material e cableado con pulverizadores.
- As reunións presenciais de coordinación na sede con outros provedores e a organización procurárase facer ao aire libre e mantendo a distancia mínima de seguridade exixida.



FASE III. POST COMPETICIÓN

- A saída de espectadores e grupos de acreditados farase de forma escalonada.
- Anunciarase por megafonía e pantallas como debe facerse a saída e lembraranse todas as medidas de protección.
- Os voluntarios asignados deben asistir ao público na operación de saída da instalación.
- O plan de actuación debe prever unha ou varias saídas, pero cun fluxo de circulación dun so sentido.
- Manter todas as medidas de protección á saída.
- Manter as distancias de protección 1,5 metros na saída.
- Unha vez acabada a competición procederáse á desinfección e limpeza da instalación.
- Saída por zonas nunha ou varias direccións, pero nun so sentido.
- O plan de desmontaxe farase coas mesmas medidas e parámetros que o plan de montaxe.

7. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMPETICIÓN DE PISTA

Os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que iso non se produza.

Nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte das organizacións deportivas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.

7.1 Consideracións xerais

- É necesario o uso de máscaras antes e despois de cada proba. Para as probas de concurso tamén se debe considerar o uso de máscara durante os tempos de espera.
- O contacto entre atleta e xuíz en calquera momento da proba realizarase verbalmente e mantendo, polo menos, 1,5 m de distancia.
- Na Secretaría sinalarase esta distancia no chan mediante unha marca non permanente.
- Non se poderá saudar ao finalizar a proba e abandonarase inmediatamente a zona de competición.
- Recoméndase o contacto coa Secretaría de competición mediante o uso de medios telemáticos (telefónico) na medida do posible.



- **Limitación de participantes en función ao seguinte cadro.**

Competicións Aire Libre				
Probas	Implantación	Nº máximo de atletas	Modelo	Observacións
Velocidade e valos	1ª FASE	3	Por carreira e 1 por rúa con 2 de separación.	Aprobado
	2ª FASE	8	Por carreira e 1 por rúa	Aprobado
800	1ª FASE	8	Por carreira e 1 por rúa, sen rúa libre	Aprobado
	2ª FASE	8	Por carreira e 1 por rúa, con rúa libre	Pendente
1500		8		Pendente
3000 obs		12		Pendente
5000		12	Saída partida	Pendente
10000		16	Saída partida	Pendente
Marcha		12-16	Saída partida	Pendente
Concursos		10		Aprobado
Combinadas		Seguirán normas descritas para cada proba		Pendente
Competicións Pista Cuberta				
Probas	Implantación	Nº máximo de atletas	Modelo	Observacións
Velocidade e valos		8 (6 en anel)	Por carreira e 1 por rúa	Pendente
400 m e 800 m		6	Por carreira e 1 por rúa	Pendente
1500 m e 3000 m		Pendente	Saída partida	Pendente
Concursos		10		Pendente
Combinadas		Seguirán normas descritas para cada proba		Pendente

A organización deberá considerar en todo momento a normativa vixente en cada territorio en canto ao aforo de uso máximo permitido por instalación (sen incluír o aforo de espectadores). En calquera caso tamén se deberá atender á análise de riscos que se realice e ás recomendacións das autoridades competentes, nos espazos de uso compartido ata un máximo de 25 persoas de forma simultánea.

Establecéndose en cada unha das especialidades as medidas de actuación e protección pertinentes. (Anexo 4) completando as medidas FISIOCOVID-19

7.2 Programa e horario de competición

Atendendo ás excepcionais circunstancias que acontecen e á complexidade da competición en pista, o organizador deberá deseñar o seu programa e horario de competición co obxectivo de reducir o número de persoas que están na zona de competición de forma simultánea.

Para iso seguiranse as seguintes recomendacións:

- O programa de probas debe ser reducido e adaptado ao tamaño da instalación.



- Recoméndase a ampliación do horario para aumentar o espazo entre a celebración das probas.
- O programa e horario de competición publicárase con antelación na web do organizador.
- Recomendaráselles aos participantes que axusten os seus horarios de chegada e saída da instalación ás necesidades da súa proba. Non chegar con demasiada antelación e abandonar a instalación unha vez finalizada a proba.
- Non se recomenda celebrar máis de 4 probas de forma simultánea. No caso da pista cuberta, deberase ter en conta a redución de dimensións da pista.
- Distribuiranse os horarios para reducir ao máximo o número de participantes, xuíces e persoal de organización en cada zona da pista.
- Deberase ter en conta o tempo requirido para limpeza e desinfección de zonas de caída, artefactos e material de competición.
- Seleccionaranse as zonas de saltos e lanzamentos co criterio de aumentar a distancia entre probas.
- As listas de inscrición reduciranse como se indica nos cadros anteriores, para evitar o risco de contaxio.
- Non se realizarán máis de 2 probas en cada media lúa da pista de forma simultánea, respectando a distancia interpersoal (1,5 m), en función das capacidades da instalación deportiva.
- Distribuiranse as probas por franxas horarias e especialidades deportivas.
- Débense reducir os tempos en pista para os quecementos previos, especialmente nos concursos.

7.3 Protocolo de actuación de Xuíces FGA

- Declararán que nos últimos 15 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansanzo, tose seca e/ou dificultade para respirar. Non estar en contacto con persoa ningunha que dese positivo en COVID19.
- Presentación do consentimento informado asinado.
- Levar máscaras de protección persoais.
- Evitarase no posible calquera outro tipo de contacto (choques de mans, saúdos, abrazos)
- Manteranse os parámetros de distancia social vixentes (mínimo 1,5 metros de distancia).

7.3.1 Reunións do Xurado

- As reunións do xurado levaranse a cabo de forma telemática, e en caso de non ser posible, realizaranse mediante convocatoria reducida a postos de máxima responsabilidade (aprox. 5 persoas para evitar aglomeracións).
- Realizaranse ao aire libre ou en espazos de fácil limpeza e/ou ventilación.
- En todas as salas haberá xeles e solucións hidro-alcohólicas para a hixiene de mans.

7.3.2 Dirección Técnica da Competición

- Desinfectaranse todos os materiais técnicos previa á súa utilización ao inicio e finalización de cada proba.
- Recoméndase a utilización dos artefactos persoais de cada atleta (previa homologación). Se non fose posible, disporanse produtos e materiais desinfectantes para aplicalos despois de cada intento.



- Ao finalizar cada proba, procederase a realizar unha desinfección de todos os artefactos e todos os materiais utilizados (táboas, angazos, metros, artefactos...).
- Deberanse limpar e desinfectar as zonas de caída tras a finalización de cada concurso.
- Recoméndase definir zonas limpas onde o acceso só estea permitido á Dirección Técnica e persoal autorizado, cumprindo estritamente as medidas establecidas e o uso de máscaras.

7.3.3 Cronometraxe e Foto-Finish

- Todos os xuíces ou persoas da organización que estean nesta zona deberán utilizar de forma obrigatoria máscara.
- Deberase adecuar á dispoñibilidade de cada instalación intentando que nela se sitúen o menor número posible de persoas e que manteñan unha distancia de seguridade de máis de 1,5 metros.
- É recomendable a publicación de Foto-finish dixitalmente para facilitar visualización e evitar posibles reclamacións.
- A zona de Foto-finish estará equipada con xeles e solucións hidro-alcohólicas para a hixiene de mans.

7.3.4 Saídas

- Non se poderá compartir material de saídas sen previa desinfección (pistola/micrófono).
- As indicacións aos atletas nas saídas realizaranse mantendo unha distancia de seguridade mínima de 1,5 m.
- Calquera reclamación ao xuíz de saídas ou ao xuíz árbitro en pista, realizaranse cunha separación mínima de 1,5 m entre atleta e xuíz.
- Recoméndase manter unha distancia mínima de 1,5 metros durante o transcurso das probas, incluíndo a finalización das mesmas.
- O equipo de saídas será provisto de material para a desinfección do equipamento de saídas.

7.3.5 Chegadas

- Cada xuíz utilizará de forma individual e intransferible todo o material necesario para realizar o seu labor (cronómetros, bolígrafo, carpetas, ...).
- Manterase unha distancia de seguridade de 1,5 metros entre xuíces en todo momento na medida do posible.
- A comunicación entre membros do xurado e outras áreas da organización levarase a cabo por medios electrónicos na medida do posible.
- A evacuación e saída dos atletas da pista (recollida de roupa), deberá realizarse de forma áxil e rápida, sen que haxa contacto físico e cunha distancia mínima de 1,5 metros.

7.3.6 Probas de Concursos

- Todos os xuíces deberán usar máscaras.
- A distribución das posicións dos xuíces no concurso realizarase respectando a distancia de 1,5m na medida do posible.



- Os atletas deberán manter en todo momento unha distancia de seguridade que minimize o risco de contaxio.
- Recoméndase activamente o uso de máscaras polos atletas entre cada intento.
- Recoméndase o uso de elementos individuais de cada membro do xurado durante toda a xornada (bandeiras, cinta, picos, EDM), non modificando postos do xurado durante a xornada. Se non fose viable, débense limpar e desinfectar adecuadamente á finalización de cada proba.
- Limpeza de mans e artefactos despois de cada intento, a organización debe prover xeles e solucións hidro-alcohólicas na zona de competición.
- Nas zonas de espera en concursos colocaranse cadeiras individuais e distanciadas ente si a unha distancia mínima de 1,5 m.
- Non está permitido que os atletas se acerquen á mesa a unha distancia inferior a 1,5 metros.
- Os membros do xurado velarán en todo momento para que atletas e resto de persoas acreditadas cumpran todas as medidas establecidas.

7.3.7 Reclamacións

- Á hora de realizar reclamacións orais ao xuíz árbitro, manterase en todo momento a distancia de 1,5m e mediante o uso de máscaras por ambas partes.
- Xurado de Apelación: Manter criterios de distanciamento (1,5 m) tanto para reunións como para a situación no estadio durante a proba.

7.3.8 Homologación de artefactos

- A sala ou carpa de homologación de artefactos deberá ser o suficientemente ampla e ventilada.
- Deberase manter unha distancia mínima de 1,5 metros entre os atletas e o persoal de atención. Se se considera necesario, pódense poñer marcas no chan.
- Os atletas en espera deberán manter unha distancia de 1,5 m, evitando en todo momento os saúdos e o contacto físico con outros atletas.
- O atleta, provisto de máscara, depositará de forma individual o seu artefacto ou artefactos nunha mesa, sen mediar contacto físico cos xuíces ou voluntarios.
- Os xuíces ou voluntarios, equipados con máscara e guantes (ou hixiene de mans frecuente) procederán á limpeza e desinfección do artefacto antes de proceder á homologación do mesmo.
- Unha vez que remate a competición, devolveráselle ao atleta colocándoo enriba da mesa, limpo e desinfectado, para que o/a atleta poida recollelo e abandone á maior brevidade posible a zona de homologación.
- Recoméndase a limpeza e desinfección periódica de todos os elementos utilizados para a homologación (básculas, metros, calibres...).

7.4. Transporte e entrega de pértegas

- O transporte de pértegas será responsabilidade de cada atleta.
- O atleta, ao chegar á pista, depositará as pértegas no lugar indicado pola organización, sen que se produza contacto con xuíces, voluntarios ou resto de persoal de apoio.
- Recoméndase que os xuíces eviten tocar as pértegas durante a competición.



- O atleta desinfectará as bolsas ou embalaxes con solucións desinfectantes antes de proceder ao seu traslado á zona de competición.
- Os xuíces da competición deberán usar máscaras e manter unha hixiene de mans frecuente. Disporanse de dispensadores e produtos de limpeza na zona de competición.
- Recoméndase limpar a pértega despois de cada intento.
- Unha vez finalizada a competición, o atleta recollerá as súas pértegas ou depositaraas na zona que lle indique a organización para proceder á limpeza e desinfección das bolsas ou embalaxes.

7.5. Zona de quecemento

- Estableceranse zonas amplas e a ser posible en espazos abertos para o quecemento dos deportistas
- O quecemento realizarase de forma individual en espazos abertos e respectando as distancias (1,5 m).
- A organización regulará o acceso de atletas acorde ao calendario establecido, non permitindo a entrada a outros atletas.
- Non se permitirá a entrada dos adestradores ou persoal de apoio.
- É recomendable o uso de máscaras, agás na carreira de quecemento.
- Será necesaria a limpeza e desinfección periódica de todo o equipamento deportivo (valos, tacos de saída, artefactos, obstáculos...).
- Reducirase ao mínimo a presenza de xuíces, voluntarios e resto do persoal de organización.
- O fluxo de circulación entre a zona de quecemento e a cámara de chamadas deberá ter un so sentido.
- O organizador deseñará un horario de competición que evite aglomeracións nas zonas de quecemento.

7.6. Presentación de atletas

- Na medida do posible evítanse as presentacións de atletas, de calquera forma, recoméndase manter todas as medidas de prevención e protección da saúde. Manter unha distancia mínima de 1,5 metros entre cada deportista.
- Nas probas de carreiras recoméndase facer só unha presentación, unha vez os atletas estean colocados nas súas posicións de saída, non permitíndose ningún tipo de contacto ou saúdo entre eles.
- As probas de concurso faranse na zona de competición e cunha separación mínima de 1,5 metros entre cada atleta, non permitíndose ningún contacto ou saúdo entre eles.

7.7. Adestradores / Persoal de organización involucrado na competición

- Débese gardar unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros.
- Non se recomenda o intercambio de dispositivos dixitais durante a proba.
- Non se recomenda o acceso dos adestradores á zona de quecemento.



7.7.1. Probas fóra de pista (Pendente de confirmación)

- Aplicaranse os mesmos criterios que en pista coas seguintes apreciacións:
- Espaciaranse o máximo posible os avituallamentos persoais para evitar contacto (1,5m) e será recollido directamente polo/a atleta.
- Control da carreira en coche, máximo 4 persoas ou vehículo alternativo.

7.8 Protocolo de actuación

A organización nomeará unha persoa responsable da coordinación sanitaria e responsable da aplicación das medidas de mitigación que hai que implantar polo COVID-19 que deberá coordinarse e estar en contacto coas autoridades sanitarias competentes en cada lugar.

Seguiranse as recomendacións da Autoridade laboral competente en prevención de riscos laborales, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias competentes.

7.8.1. Aloxamentos do persoal de organización

- Para o aloxamento do persoal de organización, seguiranse en todo momento as directrices das autoridades competentes.
- A organización procurará que a localización do aloxamento estea o máis preto posible da sede para simplificar as operacións de transporte á sede.

7.9. Acceso á instalación

7.9.1. Medidas preventivas

- O organizador deberá deseñar un Plan operativo de accesos á instalación e fluxos internos de mobilidade para os distintos grupos de usuarios.
- Para facilitar os accesos, a organización, sempre que sexa posible, disporá diferentes puntos de acceso para os diferentes grupos de acreditados.
- Especialmente se priorizará en prover unha entrada individualizada para os atletas.
- Serán de aplicación todas as medidas de obrigado cumprimento nese momento ditadas polas autoridades competentes e os donos/xestores da instalación.
- Procuraranse minimizar ao máximo os riscos de contaxio e o mantemento das distancias de seguridade.
- O organizador comunicará e informará a través de todos os medios ao seu alcance do Plan de Accesos e Fluxos, incluíndo a colocación de sinalética na propia sede.
- Recoméndase establecer puntos de control de toma de temperatura en cada entrada.
- Recoméndase colocar cartelería informativa con todas as medidas de protección.
- É recomendable ter máscaras de reserva (o público deberá levar as súas propias máscaras).
- Haberá puntos con dispensadores de xel ou solucións hidro-alcohólicas.
- Considerar o uso de pulverizacións desinfectantes.
- Non tocar mobiliario de maneira innecesaria.



7.9.2 Entrada de Atletas

- Recoméndase levar bolsa con calzado para cambio na entrada a un recinto.
- Control de uso de máscaras persoais.
- Non se permite entrada sen máscara (se a normativa vixente a considera obrigatoria) ou no caso de febre ou ter síntomas compatibles co COVID-19.

7.9.3 Entrada de persoal e espectadores

- O organizador velará polo estrito cumprimento das normas sobre aforo de instalacións vixente en cada momento, establecendo, ocupación non superior ó 75% do aforo con máximo de 300 persoas en instalacións pechadas e 1.000 persoas ao aire libre ou os que no futuro podan establecerse.
- Os espectadores estarán obrigados a respectar as distancias de seguridade e o aforo permitido. Deberán seguir en todo momento as directrices da organización.
- Para evitar aglomeracións nos accesos ampliarase o horario de acceso á instalación. Se é necesario, poderíanse poñer marcas no chan que faciliten o mantemento da distancia de seguridade. (1,5 m).
- Deberase informar previamente pola megafonía da instalación a todos os espectadores durante a competición.
- Cubrir a boca e nariz co cóbado antes de tusir ou esbirrar. Nunca ao chan. Ou utilizar panos de papel desbotables.
- Evitarase no posible calquera outro tipo de contacto (choques de mans, saúdos, abrazos).

7.10. Distribución de espectadores

- Seguir todas as normativas vixentes sobre aforo permitido en cada momento.
- A organización definirá un plan de localización de espectadores en base á capacidade da instalación, o aforo permitido, os espazos e os fluxos de circulación.
- Debe manterse a distancia de seguridade nos espectadores, planificando distancias ou non ocupación de asentos entre cada espectador.
- Se a instalación o permite, debe haber un fluxo ou fluxos de circulación para o público nun so sentido, co fin de evitar cruzamentos e aglomeracións.
- Se existisen fontes na instalación, deben ser precintadas.
- Baños e vestiarios con medidas de prevención, hixiene e distanciamento social segundo normativa vixente en cada momento. Limpeza continua no caso de estar abertos.
- No caso de aseos abertos (segundo normativa vixente) débese dispor de desinfectante de mans e solucións alcohólicas/xeles antibacteriano, panos de papel, dispensadores de xabón nos aseos e papeleiras de pedal pechadas para a eliminación segura do material hixiénico (p. ex., panos de papel, toallíñas, produtos sanitarios).
- Os puntos de venda ou restauración deberán cumprir as medidas segundo a normativa vixente, respectando en todo momento a distancia de seguridade e as medidas hixiénicas.



8. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMPETICIÓN DE RUTA, MARCHA EN RUTA, TRAIL-RUNNING E CAMPO A TRAVÉS (PENDENTE DE CONFIRMACIÓN)

A autorización final para poder celebrar unha competición corresponde á FGA amparada polo Protocolo de Actuación da Secretaría Xeral para o Deporte, así como establecer o número de participantes máximo en cada competición. Para iso deberán considerarse todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento.

Os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que iso non se produza.

Por outra parte, nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte das organizacións deportivas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.

8.1. Consideracións xerais

- É necesario o uso de máscaras antes e despois de cada carreira.
- O contacto entre atleta e xuíz en calquera momento da proba realizarase verbalmente e mantendo, polo menos, 1,5 m de distancia.
- Esta distancia, na secretaría, sinalizarase no chan mediante unha marca non permanente.
- Non se poderá saudar ao finalizar a proba e abandonarase inmediatamente a zona de competición.
- O contacto con secretaría de competición farase por medios telemáticos (telefónico) na medida do posible.

8.2. Protocolo de actuación Xuíces FGA

- O uso de máscara será obrigatorio.

8.2.1. Reunións do Xurado

- As reunións do xurado levaranse a cabo de forma telemática, en caso de non ser posible, realizarase mediante convocatoria reducida a postos de máxima responsabilidade (aprox. 5 persoas para evitar aglomeracións).
- Realizaranse ao aire libre ou en espazos de fácil limpeza e/ou ventilación.
- En todas as salas haberá xeles e solucións hidro-alcohólicas para a hixiene de mans.

8.2.2. Dirección Técnica da Competición

- Desinfectaranse todos os materiais técnicos previa á súa utilización ao inicio e finalización de cada proba.
- Ao finalizar cada proba, procederase a realizar unha desinfección de todos os materiais utilizados.



- Recoméndase definir zonas limpas onde o acceso só pode ser Dirección Técnica e persoal autorizado, cumprindo estritamente as medidas establecidas e o uso de máscaras.

8.2.3. Cronometraxe e xulgamento

- Uso de espazo amplo ou con separación mediante mamparas entre operadores, etc.
- Obrigatorio o uso de máscaras.
- En caso de non existir mamparas, manter distancia interpersoal de 1,5 m.
- Publicación telemática de resultados.
- Control da carreira en coche máximo 4 persoas ou vehículo alternativo (bicicleta persoal ou similar).

8.3. Recollida de dorsais e bolsas do corredor

8.3.1. Cita previa

- Deben adoptarse todas as medidas de distanciamento, hixiene e protección da saúde no seu lugar para a preparación das bolsas do corredor.
- Recoméndase establecer un sistema de recollida por cita previa escalonada.
- Recoméndase incluír só materiais esenciais para a competición dentro da bolsa (por exemplo, non materiais promocionais) mentres se reduce a embalaxe tanto como sexa posible.

8.3.2. Recollida

O organizador debe establecer un protocolo de recollida acorde coas medidas de seguridade oportunas, establecendo franxas horarias de recollida específica de acordo co número de dorsal ou orde alfabética dos atletas.

- O intervalo de tempo debe calcularse de acordo co tamaño da carpa / sala, o número de atletas e o número de puntos de entrega.
- Recoméndase que sexa un espazo aberto (con cuberta pero sen paredes) e o máis amplo posible.
- Non está permitida a recollida de dorsais por unha persoa non inscrita, excepto polo persoal que fose previamente autorizado.
- No caso das competicións de clubes, só se realizará a entrega a un técnico do clube previamente acreditado.
- En calquera dos casos, manterase a distancia social recomendada na fila de entrega de dorsais. Se é necesario procederase a facer marcas no chan.
- A ser posible, habilitaranse os sistemas electrónicos de entrega de dorsais para minimizar a interacción con papeis.

8.3.3. Preparación de espazos e materiais

- Á hora de preparar os listados, etc... debe cumprirse con todas as medidas hixiénicas e de seguridade.
- Non se debe incluír ningún tipo de folleto ou similar no sobre co material de competición.



- No caso de que se lles entreguen chips aos atletas, estes deben ser desinfectados de acordo coas indicacións do provedor do servizo / fabricante, recomendándose o uso de chips desbotables.
- Debe respectarse unha distancia de 1,5 metros entre os atletas dentro da carpa/ sala de rexistro e na área de espera fóra da carpa/sala. O espazo debe ser marcado no chan polo comité organizador.
- Recoméndase instalar no mostrador mamparas protectoras transparentes de metacrilato ou similar.
- A sala estará equipada con dispensadores de xel ou solución hidro-alcohólica e toallíñas desbotables.

8.4. Recoñecemento de circuitos ou percorridos

- O recoñecemento do circuito levarase a cabo de forma individual (non en grupos) e respectando a distancia de seguridade de 1,5 metros.
- O recoñecemento do circuito só se pode levar a cabo baixo as condicións en que o organizador estableza seguindo as medidas sanitarias establecidas.

8.5. Servizo de Gardarroupa

- Recoméndase non prestar o servizo de gardarroupa; no caso do seu uso, seguiranse as seguintes recomendacións:
- Recoméndaselles aos voluntarios e persoal que usen unha máscara.
- Debe respectarse unha distancia de 1,5 m entre os atletas dentro da carpa/sala e na área de espera fóra da tenda/sala. O espazo debe ser marcado no chan polo organizador.
- O número máximo de atletas (que se manteñen a unha distancia de 1,5 metros) debe predeterminarse/comunicarse na tenda/sala (segundo o seu tamaño).
- O/a atleta deixará unha única bolsa identificada no lugar correspondente, coa identificación en tamaño grande e perfectamente visible.
- O persoal de atención porá a bolsa dos atletas nunha bolsa desbotable e identificada, provista pola organización.
- O/a atleta debe anticipar demoras xa que pode atopar colas.
- Para a recollida, debe amosar o seu número de dorsal e os voluntarios depositarano sobre a mesa evitando todo contacto físico.
- Haberá tempos de entrega e recollida do material por orde de chegada e saída.

8.6. Zona de Saídas

- Recoméndase que en todas as competicións de ruta, marcha e trail-running se implemente un sistema de saídas múltiples ou separadas coa provisión dunha área de espera para os atletas respectando o distanciamento social.
- A orde e a hora de inicio deben ser determinadas polo organizador, situando primeiro e de forma progresiva aos atletas con mellor tempo.
- A todos os atletas en espera aconsellaráselles manterse afastados da área de inicio ata o momento da súa saída.
- Recoméndase o uso de caixóns co criterio de distribución que considere o organizador.
- Deberán darse intervalos de tempo exactos a todos os atletas e non se lles permitirá aliñarse fóra deses tempos.



- Identificación clara das distintas posicións de saída.
- Só se permitirán competicións para un máximo de 200 atletas en cada saída, sempre que se garanta a distancia de 1,5 metros entre atletas na saída. Este número virá determinado polo máximo número de atletas que se poidan colocar en liña nunha saída respectando as distancias especificadas. (Pendente de confirmación)
- Se o número de atletas é superior a 200, deben establecerse quendas de saída cun mínimo de 5/10 minutos entre cada saída. (Pendente de confirmación)
- Recoméndase organizar as saídas por categorías/grupos de idade, equilibrando eses 200 atletas cada 5/10 minutos. As distancias entre filas serán de, polo menos, 1,5 metros. (Pendente de confirmación)
- Independentemente do anterior, a organización deberá axustar os tempos entre cada saída en función da distancia que teña o percorrido, o deseño do mesmo (considerando especialmente as zonas de menor amplitude) e o espazo mínimo requirido entre os participantes nese tramo. Da mesma forma, se a saída se realizou polo sistema de caixóns referenciados aos tempos finais estimados, aconséllase que a organización realice a saída de forma escalonada en función do número de participantes en cada caixón e dos espazos e distancias interpersoais mínimas requiridas nas zonas de menor amplitude.
- Recoméndase que o proceso de presentación dos deportistas se reduza ao máximo posible; e no caso de relevos, recoméndase presentar unicamente o primeiro integrante de cada equipo. O obxectivo é reducir o tempo que os deportistas poidan estar expostos.

8.7. Avituallamentos

- As zonas de avituallamento durante o percorrido deben funcionar de acordo cos plans existentes coa provisión de voluntarios adicionais.
- Recoméndase non dispoñer avituallamentos en distancias de carreiras menores a 5 km.
- Todas as zonas de avituallamento no percorrido da carreira deben operar cun formato de autoservizo, evitando o contacto na entrega de botellas, vasos e resto de produtos.
- Debe asignarse un equipo diferente de voluntarios que atende os atletas e un equipo diferente para recoller as botellas / equipos usados.
- Contemplan a posibilidade de utilizar dispensadores e vaporizadores con solucións desinfectantes nos avituallamentos a disposición dos corredores.
- O persoal voluntario debe facer uso de máscara en todo momento. Recoméndase o uso de guantes e a hixiene frecuente de mans.
- Para minimizar o risco de aglomeracións nas zonas de avituallamento a lonxitude da zona de avituallamento debe aumentarse para facilitar que non haxa aglomeracións.
- Para calquera outra distancia, só se deben proporcionar alimentos envasados. A xestión dos alimentos debe seguir as disposicións de hixiene establecidas polas autoridades sanitarias.

8.8. Zona de chegada

- Recoméndase que non haxa cinta de meta, ou que esta sexa desbotable para cada chegada.
- Debe incrementarse a 20 metros a distancia entre o arco de meta e a zona de medios de comunicación.
- Non se permitirá o acceso doutros deportistas que finalizasen á zona de meta, como é o caso de competicións de relevos.



- Debe existir un acceso directo á área médica.
- Ningún medio de comunicación debe estar fóra da área establecida.
- Os deportistas abandonarán a zona de meta, recollerán o seu avituallamento e dirixiránse a unha zona aberta.
- No caso de que a participación ou a duración do evento sexa maior, recoméndase que o avituallamento estea nun espazo aberto, o máis afastado posible da zona de meta.
- Só o persoal imprescindible debe permanecer nesta zona.

8.9. Zona de Penalización Probas de Marcha

Estas áreas deben deseñarse de maneira que respecten o distanciamento mínimo entre os atletas penalizados e os oficiais responsables da zona, así como entre outros atletas presentes na zona de penalización.

8.10. Zona de intercambio de relevo en ruta/campo a través

- Os testemuños (bandas, pulseiras ou similar) serán desinfectados antes do inicio e ao final da proba.
- A zona de transferencia deseñarase favorecendo a maior anchura posible para manter o distanciamento entre os atletas, separándose o suficiente do último xiro previo para que non se provoquen agrupamentos.
- A orde de colocación/entrada á zona de transferencia virá determinada pola orde na cal o/a atleta anterior de cada equipo pase polo punto previo establecido.
- Recoméndase a limitación do número de equipos participantes nestas probas co obxectivo de evitar na medida do posible o contacto interpersoal nas zonas de entrega.
- As zonas de xuíces estarán á distancia de 1,5 metros de calquera atleta participante ao inicio e final.

8.11. Reclamacións

- Á hora de realizar reclamacións orais ao xuíz árbitro, manterase en todo momento a distancia de 1,5m mediante o uso de máscaras por ambas partes.
- Xurado de Apelación: Manter criterios de distanciamento (1,5m) tanto para reunións como para a situación na zona de competición durante a proba.

8.12. Presentación de Atletas

Na medida do posible evítaranse as presentacións de atletas e, no caso de que se fixesen, recoméndase:

- Manter todas as medidas de prevención e protección da saúde.
- Manter unha distancia mínima de 1,5 metros entre cada atleta.
- Facer só unha presentación unha vez que os atletas estean colocados nas súas posicións de saídas, non permitíndose ningún tipo de contacto ou saúdo entre eles.



8.13. Adestradores / Persoal de organización involucrado na competición

- A organización disporá unha área debidamente sinalizada para a localización dos adestradores persoais dos atletas participantes.
- Para poder acceder a esta zona, é necesario estar acreditado previamente pola organización.
- Non se permiten os movementos, excepto ás zonas establecidas e deberase gardar unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros.
- Será obrigatorio o uso de máscara para acceder á zona de adestradores.
- Vehículos da carreira en coche, máximo 2 persoas ou vehículo alternativo.
- Reunións técnicas telemáticas ou publicadas na web con período de preguntas por mensaxe.

8.14. Protocolo de actuación

A organización nomeará unha persoa responsable da coordinación sanitaria e responsable da aplicación das medidas de mitigación que hai que implantar polo CO-VID19 que deberá coordinarse e estar en contacto coas autoridades sanitarias competentes en cada lugar.

8.14.1 Aloxamento do persoal de organización

Para o aloxamento do persoal de organización, seguiranse en todo momento as directrices das autoridades competentes. Nas primeiras fases a normativa obriga a que o aloxamento sexa en cuartos individuais. A organización procurará que a localización do aloxamento estea o máis preto posible da sede para simplificar as operacións de transporte á sede.



9. ANEXOS

ANEXO 1

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE

D/D^a
con n^o de DNI/NIE

actuando en nome propio ou como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade)
D/D^a
con n^o de DNI/NIE

Para a actividade:
Organizada pola Federación Galega de Atletismo, desenvolvida en
o día de de 2020.

SOLICITO:

Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe nas actividades da Federación Galega de Atletismo, para o cal, lín con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

DECLARO:

- Que o interesado cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lín e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr a COVID-19 da Federación Galega de Atletismo, publicados na web desta entidade: atletismo.gal
- Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En A Coruña , a de de 2020

Asinado

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO